



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 5 DE DECEMBRO DE 2024**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:49 horas do día 5 de decembro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 22.11.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 22.11.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000053 (PROXECTO EXECUCIÓN)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 05.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000053 (PROXECTO EXECUCIÓN)

OBXECTO:	Vivenda Unifamiliar illada e peche en
PROMOTOR/A:	



CONSIDERACIONS URBANISTICAS:

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto de Execución de vivenda unifamiliar illada de data documento 31/10/2024. Redactor/a José Ignacio Pita Graña Arquitecto COAG 4266
----------------------------------	--

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.08.2024, notificado con data 02.09.2024 polo que se concede licenza de edificación a para vivienda unifamiliar en coas seguintes condicións particulares citadas no informe técnico de data 29.07.2024:

“A documentación aportada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar:

- Para o inicio das obras será necesaria a presentación e comprobación da integridade documental do proxecto de execución completo.
- Cumprirse o condicionado da/s autorización/s sectoriais.
- A parcela non dispón de redes de servizo de abastecemento e saneamento polo que se resolve por medios individuais ao cargo do promotor/a, coa condición do compromiso de conexión cando se implanten os servizos.
- Con respecto a fosa séptica estanca deberá presentar contrato de mantemento de evacuación por xestor de residuos autorizado.”

Vista a documentación presentada na data 14.11.2024, rexistro de entrada nº: 202499900002355.

Visto o informe técnico do arquitecto municipal de data 25.11.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO:**

1º) Dar por cumprida a condición particular imposta na licenza de edificación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.08.2024, no relativo á presentación do proxecto de execución, e en consecuencia, sendo suficiente para iniciar as obras.

2º) As obras executaranse de acordo cos proxectos autorizados no expediente.

3º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO 2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 28.11.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO 2024.



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de outubro 2024 que empeza por cun importe de 79,40 € e finaliza con cun importe de 54,41 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.342,46 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de outubro 2024 que empeza por cun importe de 36,00 € e finaliza con cun importe de 32,40 € e se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 495,00 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000373

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.12.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000373.

ANTECEDENTES



Datos ben inmoble:

Enderezo: CL

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000642985

Exercicio: 2024

Primeiro. Preséntase solicitude para cambio de titularidade do recibo do servizo de recollida de residuos, comprobándose que procede a anulación do recibo do exercicio 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaríanse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a



correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

Preséntase escritura de compraventa de vivanda de data 07.12.2022, onde se comprobán os seguintes datos:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	COMPRADOR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642985	20243515022RL01R005286					2024	68,25 €

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642985	20243515022RL01R005286					2024	68,25 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes ao exercicio 2024 ao titular que consta na escritura de compraventa adxuntada ao expediente.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.



5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000375

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.12.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000375.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647268

Exercicio: 2023/2024

Primeiro. Preséntase solicitude para cambio de titularidade do recibo do servizo de recollida de residuos, comprobándose que procede a anulación dos recibo dos exercicios 2023 e 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito impoñible



O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2023 e 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647268	20243515022RL01R005210					2024	49,35 €
253000647268	20233515022RL01R000611					2023	58,40 €



Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647268	20243515022RL01R005210					2024	49,35 €
253000647268	20233515022RL01R000611					2023	58,40 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN. EXPEDIENTE: 2024/G006/000377

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.12.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN

Expediente: 2024/G006/000377

Solicitud: 20240000004372 (03/12/2024)

ANTECEDENTES

Primeiro. Expediente 2017EXP35013770 do Servizo de Recadación da Deputación da Coruña sobre o recibo seguinte:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	CIF
-------------	----------------	----------	----------------	-----



253000723703		PROYECTOS INMOBILIARIOS TAMAYO SL	B84372416
--------------	--	-----------------------------------	-----------

O servizo de Recadación propón a rectificación do suxeito pasivo para o exercicio 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 325/2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2024 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para o exercicio 2024 non coinciden cos anteriores.

I. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723703	20243515022RL01R005809		PROYECTOS INMOBILIARIOS TAMAYO SL	2024	68,25 €



Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000723703	20243515022RL01R005809		PROYECTOS INMOBILIARIOS TAMAYO SL	2024	68,25 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL CON NIF G70478706. EXPEDIENTE: 2024/G006/000352

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000352

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL con NIF G70478706.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL con NIF G70478706.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL con NIF G70478706.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 797,45 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. SOCIEDADE ARTÍSTICA EIXIL CON NIF G15254758. EXPEDIENTE: 2024/G006/000370

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000370

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. SOCIEDADE ARTÍSTICA EIXIL con NIF G15254758.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Sociedade Artística Eixil con NIF G15254758.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Sociedade Artística Eixil con NIF G15254758.



SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.017,70 € correspondente á subvención destinada a actividades e 484,93 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. SOCIEDADE CULTURAL TARROIBA CON NIF G15615941. EXPEDIENTE: 2024/G006/000372

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000372

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2024. SOCIEDADE CULTURAL TARROIBA con NIF G15615941.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de 2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 18 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Sociedade cultural Tarroiba con NIF G15615941.

Visto o informe favorable de Intervención de data 02 de decembro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propor a Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Sociedade cultural Tarroiba con NIF G15615941.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 911,37 € correspondente á subvención destinada a actividades e 434,27 € correspondente á subvención destinada



a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASEMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2024. EXPEDIENTE: 2024/G006/000376

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000376

Asunto: Aprobación anticipo subvención nominativa á Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira con NIF Q2866001G para o ano 2024.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.11.2024, aprobouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira con NIF Q2866001G para o ano 2024.

O 29.11.2024 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.800,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2024.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 02.12.2024 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.800,00€, con cargo a aplicación 135.489.00 do orzamento do ano 2024 a favor da beneficiaria, a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira con NIF Q2866001G.

Segundo.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.



Terceiro.- Dar coñecemento do presente acordo aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA COMISIONS DE FESTAS DE CEDEIRA ANO 2024. EXPEDIENTE: 2024/G006/000378

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.12.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000378

Asunto: Aprobación de concesión de subvencions en réxime de concorrencia non competitiva para comisions de festas de Cedeira ano 2024.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencions dirixidas ás comisions de festas de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.07.2024 e publicadas no BOP de 17.07.2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencions e publicado no BOP de data 22.07.2024.

Visto o informe favorable de Intervención de data 03.12.2024.

Conforme as atribucions previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencions dirixidas ás comisions de festas de Cedeira para o ano 2024.

SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 338.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 4.000,00€ a favor das seguintes entidades:

- 800,00€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- 800,00€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237
- 800,00€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061
- 800,00€ Comisión de festas de Régoa con NIF V70546338
- 800,00€ Comisión de festas de Esteiro con NIF V70568571

TERCEIRO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 4.000,00€, con cargo a aplicación 338.489.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base sexta das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

- 800,00€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- 800,00€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237
- 800,00€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061
- 800,00€ Comisión de festas de Régoa con NIF V70546338
- 800,00€ Comisión de festas de Esteiro con NIF V70568571



CUARTO. Notificar a presente Resolución ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12””. POS+2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12””. POS+2024

Nº Expediente: 2024/C003/000001

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.10.2024 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 14.10.2024 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	04/11/2024 17:58
2	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTR S.A.	30/10/2024 18:38
3	LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	04/11/2024 13:29

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 7 e 18 de novembro de 2024 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando todas admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	PUNTOS	Temeraria
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	224.884,06	17,73	non
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTR S.A.	224.200,00	18,82	non



LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	224.907,67	17,70	non
-------------------------------	------------	-------	-----

3.- Comprobada a non existencia de ofertas incursas en presunción de anomalidade, continúaase coa lectura do contido das ofertas presentadas:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	% fixos	Nº mulleres	% mulleres
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	224.884,06	24	24	100%	3	12,50%
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTR S.A.	224.200,00	32	24	75%	2	8,33%
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	224.907,67	16	16	100%	1	6,25%

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo V do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Total
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTR S.A.	17,73	15	5,00	37,73
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTR S.A.	18,82	15	3,47	37,29
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	17,70	15	2,60	35,30

5.- A oferta presentada pola empresa “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.” é a mellor valorada. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incursa en prohibicións para contratar.

6.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Mellora e acondicionamento dos vias municipais 480, 388, 332 e outros 12” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN	
Licitador:	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. CIF: A15352735
Importe:	224.884,06 € + 47225,65 € (IVE). TOTAL: 272109,71 €



Con data 25.11.2024 a empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 11.244,20 € mediante transferencia bancaria de Cajamar Caja Rural á conta núm. ES152080519629311000027 do Concello de Cedeira.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 04.12.2024 emitiuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. CIF: A15352735
Importe:	224.884,06 € + 47.225,65 € (IVE). TOTAL: 272.109,71 €
Prazo de execución:	6 meses

2.- Dispoñer, pola contía de 272.109,71 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do estado de gastos do orzamento municipal do 2024.

3.- Notificar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A., adxudicatario da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 634/2024 DE DATA 19.11.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 634/2024 de data 19.11.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2025

Vista a Convocatoria do programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2025, publicada no BOP núm. 200 do 16 de outubro de 2024.

Tendo en conta a necesidade de contratar unha cuadrilla para o mantemento e limpeza das praias do concello.

Tendo en conta que nos datos da convocatoria establécese que o importe da subvención poderá oscilar entre un mínimo de 6.768,00€ e un máximo de 33.840,00€ para gastos de contratación de persoal durante os meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2025 ata un 100% do orzamento subvencionable.

Tendo en conta as limitacións á contratación laboral para o Concello, ante a posibilidade de realizar contratación externa. Vista a oferta presentada pola empresa “HALLCUSS CORPORATION S.L.” para a prestación do servizo de limpeza de praias con 4 peons/peoas a media xornada durante 3 meses e cun orzamento sen IVE de 14.998,85€ e con IVE (10%) de 16.498,74€

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Iniciar o expediente de solicitude de subvención á Excm. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do “Programa MA100, de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da Provincia da Coruña, durante o exercicio 2025”, publicada no BOP número 200 do 16 de outubro de 2024. O custo, segundo a oferta presentada da contratación dunha cuadrilla de 4 peóns a media xornada durante un prazo máximo de 3 meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2023, sendo o importe o seguinte:

	Retribución 3 meses
Base	14.998,85€
IVE (10%)	1.499,88€
TOTAL	16.498,74€

Terceiro.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.



14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 635/2024 DE DATA 19.11.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 635/2024 de data 19.11.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2025

Vistas Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-CONCELLOS 2025, publicada no BOP núm. 200 de 16 de outubro de 2024.

Visto que nas bases se establecen os módulos e contías polos que a Deputación Provincial subvencionará os gastos derivados da contratación das persoas conforme aos módulos e tramos de asignación, correspondendolle a Cedeira como contía máxima de solicitude de subvención a cantidade de **46.000 €**, para a vixencia do programa que se extenderá ata o 31 de decembro de 2025.

Visto que se establece que entre a documentación a presentar deberase remitir certificado da aprobación de adhesión polo órgano competente municipal.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Adherirse ao **PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025** mediante a execución de obras e servizos básicos e esenciais municipais da Deputación da Coruña anualidade 2023, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

Terceiro.- Solicitar na Convocatoria do **PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025** de subvencións a concellos para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña axuda para a contratación de 3 Peóns / Peoas e 1 Limpador/ra durante **6 meses** ao **100% da xornada:**

nº trab.	ocupación	Grupo cotiz.	Código CNAE	Xornada	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Total custo 6 meses	Total custo x nº traballadores
3	Peóns	10	8411D)	100%	1.538,93	38,38%	590,64	2.129,57	12.777,42	38.332,26€
1	Limpador/a	10	8411H)	100%	1.538,93	35,28%	442,93	1.981,86	11.891,16	11.891,16€
Custos salariais totais										50.223,42€

Ocupación	Grupo	Indemnización fin de contrato
3 Peón	10	923,4€



1 Limpador/a	10	307,8€
Total		1.231,2€

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 636/2024 DE DATA 19.11.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 636/2024 de data 19.11.2024, que di:

“SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2025

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2025, publicadas nos BOP núm. 200 de 16 de outubro de 2024.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que se financiarán os gastos dende o 01 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025 e a cuantía máxima a subvencionar será de 20.000 € e a mínima de 10.000€ e o orzamento presentado será como máximo de 20.000€.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2025 por importe de 20.000€.

Para o mantemento da Informadora turística municipal a xornada completa cuxo custo anual como persoal laboral fixo ascende a:

Ocupación	GC	Núm.	Retribución anual total	Seguridade Social	Total Custo
Inf. Turismo	2	1	30.293,53€	10.618,37 €	40.911,90 €

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.



16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 639/2024 DE DATA 20.11.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 639/2024 de data 20.11.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2025

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal Técnico deportivo nos Servizos municipais de Deporte en 2025, publicada no BOP núm. 200 de 16 de outubro de 2024.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que o importe de subvención será un máximo de 10.000 euros no caso de contratación de persoal con titulación de formación profesional a xornada completa para un ano completo e que se deberá prorratear no caso de non ser así.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para mantemento ou contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2025, publicada no BOP núm. 200 de 16 de outubro de 2024 por importe de 5.000€ para 6 meses a xornada completa segundo o disposto na Base 8 das bases de convocatoria.

Para a contratación dos servizos de persoal técnico deportivo coa titulación de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, que preste servizos a xornada completa e a través dunha empresa durante **6 meses ao 100% da xornada:**

	TOTAL BASE	IVE 21%	TOTAL
6 MESES	14.988 €	3.147,48€	18.135,48€

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 644/2024 DE DATA 21.11.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 644/2024 de data 21.11.2024, que di:



“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025

Vista a Convocatoria do programa de subvencións para a realización de actividades de Promoción económica durante o ano 2025 dirixido aos concellos da provincia, publicada no BOP núm. 198 do 14 de outubro de 2024.

Tendo en conta que nos datos da convocatoria establécese que o importe da subvención poderá oscilar entre un mínimo de 5.000€ e un máximo de 30.000€ para actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025 ata un 80% do orzamento subvencionable.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Iniciar o expediente de solicitude de subvención á Excm. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do “Programa de subvencións para a realización de actividades de Promoción económica, dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes da Provincia da Coruña, durante o exercicio 2025”, publicada no BOP número 198 do 14 de outubro de 2024.

O obxecto da solicitude de subvención é o financiamento dos gastos da “Campaña en Nadal en Cedeira” sendo os seguintes (Ive incluído):

DECORACIÓN DE NADAL	18.500 euros
PUBLICIDADE EN MEDIOS	1.500 euros
FESTAS (actuacións musicais)	15.000 euros
ALUGUER DE CARPA	2.500 euros
CARTELERÍA E RIFAS	1.000 euros
Total	38.500 euros

Sendo o importe solicitado de 30.000€, 77,9% dos gastos subvencionables e un coeficiente de financiamento de 0,77. Polo que o cofinanciamento por parte deste concello ascendería a 8.500€.

Terceiro.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

18. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

18.1 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000003



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 05.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000003

OBXECTO:	Instalación de maquinaria e foso de ascensor en
PROMOTORES:	
<u>CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:</u>	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano residencial en núcleo antigo
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	29.549,38 €
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	Os Existentes
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto técnico de instalación de ascensor en vivienda de PS+B+1+BC de data 27.11.2024
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO DIRECTOR DAS OBRAS E DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Manuel Amable Varela Caabeiro Arquitecto COAG 2117
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	- Resolución Da Dirección Xeral Do Patrimonio Cultural Sobre Intervención Que Afecta A Un Ben Do Patrimonio Cultural De Galicia de data 11.06.2024. (Expte: 632/24) - Resolución Sobre Control E Seguimento Arqueolóxico na instalación de ascensor na Rúa Real, 35. Cedeira (A Coruña) de data 21.11.2024 (Expte: 632/24)
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	
EXPEDIENTES RELACIONADOS:	2011/008/000006 2023/U022/000021 2020/U007/000005



2016/U003/000003

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Vistos o informes técnicos emitidos polo Arquitecto Municipal en data 29.11.2024.
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 04.12.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.
- 2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.
- 3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

- 4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.
- 5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
- 6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

18.2 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000011

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 05.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000011

OBXECTO:	Obras de conservación e mantemento vivenda unifamiliar illada en
PROMOTORES:	
CONSIDERACIONES URBANÍSTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo non urbanizable de núcleo rural
REFERENCIA CATASTRAL:	



ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	100.725,66 €
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	Os Existentes
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto básico de vivenda unifamiliar de data 11/07/2024
TÉCNICAS AUTORAS DO PROXECTO E DIRECTORAS DAS OBRAS:	Patricia Montes Andrés COAG2907 e Carmen Boedo Blanco COAG3100
DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Juan Pablo Feal Miragaya Arquitecto técnico COATAC 2261
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUCCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	Consta declaración responsable presentada ante a Diputación Provincial da Coruña Servizo de Estradas en data 27.11.2024
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CESIÓN VIAIS:	Documento asinado con data 27.11.2024 (43,18 m ²)
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 29.11.2024)	CONDICIÓNS PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar as obras de construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.
CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	
EXPTE. RELACIONADO:	<u>2021/U022/000005</u>

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Vistos o informes técnicos emitidos polo Arquitecto Municipal en data 29.11.2024.
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 04.12.2024

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 29.11.2024.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

18.3 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000019

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 05.12.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000019

OBXECTO:	Vivenda unifamiliar illada e peche de parcela en
PROMOTORES:	
CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano de baixa densidade grado 1
REFERENCIA CATASTRAL:	6047941NJ7354N0001XW
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	68.500 €
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	Altura cornixa: 3,46 Volume: 467,76 m ³ Ocupación: 29,84 %
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:	Lorenzo & Cendal arquitectura e xestión, SLP COAG 30047



DIRECTOR DA OBRA:	José María Lorenzo Fernández Arquitecto COAG 2891
DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Jose Antonio Cendal Villaverde Arquitecto técnico COATAC 1603
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CESIÓN VIAIS:	Documento asinado con data 21.12.2023 (150 m ²)
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 04.12.2024)	CONDICIÓN PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.
CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	
EXPEDIENTES RELACIONADOS:	2023/U018/000005 2023/U022/000016

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 04.12.2024.
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 05.12.2024

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 04.12.2024.

- 2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

- 3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

- 4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.
- 5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
- 6º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:53 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ